



Concello de  
SOUTOMAIOR  
Pontevedra

# BANDO

## AXUDA ECONÓMICA A TRAVÉS DA TARXETA BENVIDA PARA AS FAMILIAS CON FILLOS E FILLAS NADOS NO ANO 2020.

### **PERSOAS BENEFICIARIAS E REQUISITOS:**

Poderán ser beneficiarias desta axuda aquelas persoas residentes na Comunidade Autónoma de Galicia que teñan fillas/os, tanto por natureza como por adopción, nados entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2020 e que a renda da unidade familiar non supere os 45.000€.

Aquelas familias que a renda non supere os 22.000€ terán dereito a axuda no segundo ano de vida e ata que o neno ou nena faga tres anos.

### **TIPOS DE AXUDA E CONTÍAS**

Con carácter xeral, a contía total da axuda será de 1.200€/ano a razón de 100 €/mes durante o primeiro ano de vida do fillo/a.

No suposto de que o fillo/a que dá dereito a axuda sexa o terceiro/a ou sucesivos da unidade familiar a contía da axuda será de 2.400€ razón de 200€/mes.

A partir do segundo ano, cando as rendas sexan iguais ou inferiores a 22.000€, as contías serán de 600€/ano a razón de 50€/mes si o fillo/a que dá dereito á axuda é o primeiro/a, 1.200€/ano a razón de 100€/mes si o fillo/a que dá dereito á axuda é o segundo/a e de 2.400€/ano a razón de 200€/mes si o fillo/a que dá dereito á axuda é o terceiro/a ou sucesivos.

Estas contías faranse efectivas en pagamentos anuais sucesivos co importe que corresponda ata o mes de decembro do exercizo en curso en función do mes de nacemento.

### **PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES**

O prazo de presentación de solicitudes será de dous meses contados dende o día seguinte a aquel en que se produce o nacemento.

As solicitudes poderán presentarse nos servizos sociais municipais xunto coa documentación requerida, en horario de 09:00 a 14:00 horas.

**Documento asinado dixitalmente á marxe**



Cod. Validación: 6NNAJTTNS9DSSNTJR9PWCW5DC | Corrección: <https://soutomaior.sedelectronica.es/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 1